

PATRIMONIO NA AULA



CONSERVAR, PROTEXER E PÓR EN VALOR

PRESENTACIÓN

O Concello de Pontedeume, pon a disposición dos Centros Educativos, a través da Concellería de Turismo unha guía para traballar e coñecer o Patrimonio Cultural nos Centros Escolares. Devandita guía foi elaborada para aportar ás/aos docentes unha ferramenta pedagóxica que lles facilite abordar o tema Patrimonio e Identidade nas aulas.

O obxectivo de educar en Patrimonio, non é outro que ensinar a respetalo para así conservalo e a valoralo; a través do seu coñecemento para desenvolver unha conciencia máis precisa acerca de nós mesmos así como a comprensión doutros pobos e culturas.

Pretende ser unha guía didáctica coa que achegarse aos conceptos básicos, entender a lexislación ou traballar directamente con algún ben patrimonial, e valorar así a súa importancia para futuras xeracións.

PATRIMONIO NA AULA



CONTIDOS

- DEFINIÇÃO DE PATRIMONIO. BENS PATRIMONIAIS.
- CLASIFICACIÓN DO PATRIMONIO. NATUREZA DOS BENS.
- VALORES INTRÍNSECOS DO PATRIMONIO.
- LEXISLACIÓN AUTONÓMICA E ESTATAL PARA A SÚA DEFENSA.
- DEBATE

“NON SE PODE CONSERVAR O QUE NON SE QUERE, NON SE PODE QUERER O QUE NON SE ENTENDE” Gándara, 1999

OBXECTIVOS?

- **COÑECER O PATRIMONIO CULTURAL:** saber para protexer. Sensibilizar sobre a riqueza patrimonial da nosa contorna.
- **POTENCIAR E XERAR INTERESE POLO PATRIMONIO CULTURAL.**
- **COMPRENDER A TERMINOLOXÍA:** definicións. e lexislación.
- **ENTENDER POR QUE E PARA QUE É NECESARIO PROTEXELO.**
- **CALES SON OS DISTINTOS TIPOS DE CONSERVACIÓN E CAL É A MÁIS EMPREGADA.**
- **DESCOBRIR AS CARACTERÍSTICAS DA/S PEZA/S QUE A/AS CONVERTEN EN BEN DE INTERESE CULTURAL.**

QUE ENTENDEMOS POR PATRIMONIO?

Na primeira parte da actividade propónse falar e pór en común que palabras relacionan as/os pequenas/os co patrimonio cultural; abrir un coloquio:

por que cren que é importante? ou non? por que cren que as institucións e o ser humano se preocupa da súa conservación dende fai décadas?

DEFINICIÓN

A palabra “*patrimonio*” procede do latín “*patrimonium*” e designa aquilo que herdamos dos nosos pais, sendo esta a súa definición máis esencial.

O concepto de *Patrimonio Cultural* ten distintas acepcións dependendo de onde as consultemos, pero todas elas teñen un elemento en común: é un legado da historia dun pobo, dunha vila, dun país e como tal e como sociedade temos a obriga de coidalo, protexelo e pór en valor.

Segundo a **RAG** o patrimonio cultural é un “*conxunto de cousas materiais ou inmateriais de certa antigüidade e importancia recoñecida pertencente a unha colección*”. Nesta liña a RAE, vai un pouco máis aló e engade algún matiz máis a devandita definición entendendo o patrimonio como “*conxunto de bens dunha nación acumulado ao longo dos séculos, que, polo seu significado histórico, artístico, arqueolóxico...son obxecto de protección especial pola lexislación*”. A RAE, xa inclúe ben en lugar de cousa e a protección xunto coa lexislación, polo tanto achégase máis á definición máis extendida na sociedade.

Para rematar, a Unesco e a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia ofrecen as acepcións máis completas. Segundo a Unesco patrimonio é “*o legado que recibimos do pasado, que vivimos no presente e que transmitiremos ás futuras xeracións*” e para a lei de Patrimonio Cultural de Galicia “*bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que polo seu valor histórico, artístico, arqueolóxico,... deban ser considerados de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo*”.

Ámbalas dúas xa fan referencia a elementos tan importantes como: legado, transmisión, futuras xeracións, permanencia, cultura galega... finalmente temos que conformar no noso cerebro a idea “perfecta” do patrimonio como unha mestura de todas elas e entender que por esas razóns é preciso conservalo e transmitilo ás xeracións seguintes.

ENTÓN... COMO REGULAR, DEFENDER, PROTEXER OU PÓR EN VALOR O NOSO PATRIMONIO?

Para isto necesitamos unha *lexislación*, unha norma común que nos permita, como país, como autonomía ter unha lei común aplicable a todo o patrimonio atendendo ás súas características que o fan único.

En Galicia son utilizadas dúas leis: a nacional e a autonómica:

- Lei 16/1985, de 25 de Xuño, do Patrimonio Histórico español.
- Lei 5/2016, do 4 de Maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

Esta lexislación permítenos varias cousas, entre elas:

1. Definir o concepto de Patrimonio,
2. Como clasificar, declarar e catalogar.
3. Coñecer a normativa aplicable á súa protección atendendo ás súas particularidades: bens mobles, inmobles, inmateriais,...
4. Posta en valor dos bens: dar a coñecer, estudar, investigar, acceso ao público,....senon se coñece non se protexe. Labor divulgativa e didáctica.

PARA QUE SERVEN AS LEIS?

As leis permiten ou prohiben algunha acción das/os individuos/os co obxectivo de regular as condutas humanas e lograr unha convivencia harmoniosa dentro da sociedade.

CLASIFICACIÓN DO PATRIMONIO

A lei do Patrimonio Cultural de Galicia, fixándose na natureza dos bens, fai a seguinte clasificación:

- **BENS MOBLES:** son aqueles que se poden transportar, un libro, un cadro, un documento, ...poden ser individuais ou formar parte dunha colección.
- **BENS INMOBLES:** son aqueles que non podemos transportar, monumentos, xacementos arqueolóxicos, cascos históricos,....
- **BENS INMATERIAIS:** son aqueles ben intanxibles, non son algo físico, son aqueles que non podemos tocar; coma a música, as tradicións, ... defínense coma “manifestacións dun pobo”.



CLASIFICACIÓN DO PATRIMONIO

A lei do Patrimonio Cultural de Galicia, dentro da clasificación establece categorías para os bens inmoables:

- Monumento
- Paisaxe cultural
- Xardín histórico
- Territorio histórico
- Sitio histórico
- Lugares etnolóxicos
- Xacementos arqueolóxicos
- Vías culturais
- Conxunto histórico

En Pontedeume temos como monumentos declarados BIC (ben interese cultural):

- Torreón dos Andrade - Casa Pazo (1924)
- Castelo de Andrade (1994)
- Igrexa de San Miguel de Breamo (1931)
- Comarca do Eume (1971)

Os bens móbiles son pezas individuais e a lei non establece categorías como tal, sí recolle que poden ser declarados BIC ou ser incluídos no catálogo de Bens Culturais de Galicia de xeito individual ou como colección.



DECLARACIÓN E INCLUSIÓN

Os bens poden ser *“declarados”* BIC (ben de interese cultural) ou ben catalogado, aqueles que non son nin BIC nin catalogados, son incluídos no Censo do Patrimonio Cultural.

Un ben é declarado BIC polas súas características únicas e senlleiras, razón pola cal a lei de Patrimonio considera que teñen que ser protexidos co máximo nivel. A lei dinos que son *“aqueles bens mobles, inmobles ou inmateriais máis senlleiros do patrimonio cultural de Galicia”*

Pola contra, os **Bens Catalogados**, entende que son *“aqueles bens e manifestacións inmateriais, non declaradas BIC, que polo su notable valor cultural son incluídas no Catálogo de bens culturais de Galicia”*.

E por último, están *“aqueles bens que non son BIC nin están catalogados pero han de estar incluídos Censo do Patrimonio Cultural de Galicia, para a súa documentación, estudo, investigación e difusión”*.

En resumo os bens poden ser declarados BIC (figura de protección máxima en Galicia) ou ser incluídos no Catálogo ou no Censo do Patrimonio Cultural de Galicia; dependendo das súas particularidades.



A LEI DE PATRIMONIO TAMÉN NOS INCLÚE A NÓS...

No *artigo 5 "Dereitos e deberes da cidadanía"*, fálanos da nosa responsabilidade para con o patrimonio, a todas/os nos corresponde protexer o patrimonio que nos rodea, preocuparnos de que se transmita de xeración en xeración, xa que é o legado que recibimos dos nosos antepasados e o que herdarán os presentes, e por iso a lei o ten en conta: *"é a nosa responsabilidade conservar e protexer o patrimonio"* entón:

Que podemos facer nós?

- Calquera persoa física pode iniciar un expediente para que un ben sexa declarado BIC, ou para ser incluído dentro do Catálogo de bens patrimoniais.
- Podemos denunciar o mal estado de conservación dos bens,
- É obriga das persoas dar a coñecer o achado dun ben,
- Se eres propietario, posuidor ou arrendatario dun ben, estás obrigado a conservalo, mantelo e custodialo debidamente para evitar a súa perda, destrución ou deterioro.




QUE É A CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO?

Conservar é unha actividade interdisciplinar que busca a defensa dos elementos materiais integrados no patrimonio cultural. Abarca todo tipo de accións técnicas, estratéxicas e estudos para non só interpretar o seu valor senon tamén para mantelo sen deterioro o maior tempo posible.

Na actualidade o modelo que se está a seguir é o denominado **“conservación preventiva”** é dicir, un conxunto de medidas ou accións destinadas a evitar e minimizar o deterioro ou a futura perda dun ben. Lévese a cabo na contorna do ben e as medidas adoptadas non interfiren nos materiais e estruturas dos bens, é dicir, non hai modificación da súa aparencia.

Se isto non é suficiente e todas as medidas preventivas non teñen éxito e prodúcese un deterioro nalgunha parte do ben ou na súa totalidade entón hai que “intervir” e aquí unha vez máis é a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia como facelo, porque hai distintos modelos e polo tanto distintas formas de abordar o problema construtivo. Hai que ter en conta que estes modelos son aplicables só a aqueles bens que gozan dalgún tipo de protección.



MODELOS DE CONSERVACIÓN E INTERVENCIÓN

CONSERVACIÓN PREVENTIVA

- INVESTIGACIÓN
- VALORIZACIÓN
- MANTENEMENTO
- CONSERVACIÓN

INTERVENCIÓN

- CONSOLIDACIÓN
- RESTAURACIÓN
- REHABILITACIÓN
- REESTRUTURACIÓN
- AMPLIACIÓN
- RECONSTRUCCIÓN

Para os bens catalogados ou declarados BIC que sexan arquitectónicos a lei tamén establece “niveis de protección”:

- *Protección integral*: conservación íntegra de todos os compoñentes e elementos nun estado o máis próximo ao seu orixinal.
- *Protección estrutural*: conservación dos elementos máis significativos e relevantes dos bens.
- *Protección ambiental*: conservación dos aspectos máis visibles e evidentes dos bens.




VALORES INTRÍNSECOS DO PATRIMONIO CULTURAL

A conservación do patrimonio non só é importante para a súa custodia, estudo, investigación ou posta en valor, é importante tamén porque ten outros valores inherentes a sí mesmo como valores identitarios, sociais, políticos, históricos, económicos, emotivos... e nestes valores intanxibles é onde radica a importancia da súa transmisión. Ademáis, hai que facer a reflexión seguinte e é que son únicos, insustituíbles e irrecuperables se chegasen a perderse. Cando un ben desaparece, a sociedade sofre un dano irreparable.

Entón, por que debemos protexer o patrimonio?

- Porque define a identidade dun país, pobo, etnia, ...posúe un efecto identitario, co que o ser humano se sente representado.
- Aporta cohesión social, sentido de grupo, de pertenza, de ter unhas mesmas raíces, orixes.
- Para garantir a súa supervivencia para as futuras xeracións.
- Para coñecer as orixes propias e alleas e desta forma respectar aos outros.



BIBLIOGRAFÍA

1. Juan M. Monterroso Montero. (2001). *Protección y conservación del patrimonio. Principios teóricos*. Tórculo Edicións.
2. Sanmartín Corral, S. (2003). *Apuntamentos Teoría e lexislación sobre Patrimonio Artístico*. Universidade Santiago de Compostela.
3. Sanmartín Corral, S. (2003). *Apuntamentos Catalogación, Informes e Xestión do Patrimonio Artístico*. Universidade Santiago de Compostela.
4. Ares Legaspi, A., Coira Pociña, J. e de Castro Álvarez, C. (2020). *750 anos construíndo a historia de Pontedeume*.
5. *Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia*.
6. *Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia*.
7. *Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español*.

